



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

### **RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE O ENLACE ENTRE A AUTOVÍA A-52 E OS POLÍGONOS INDUSTRIAIS DA ÁREA URBANA DE OURENSE****

A Xunta de Galicia está a executar unha demanda histórica para, supostamente, mellorar a conectividade do polígono industrial de San Cibrao das Viñas e a mobilidade de boa parte da área metropolitana da cidade de Ourense. Así pois, hai meses que está en marcha a execución da denomianda vía de conexión entre a autovía A-52 e o polígono industrial de San Cibrao, no seu treito entre a autovía e a N-525, cun custe de 13 millóns de euros tras ser adxudicada a obra en maio de 2018 cunha importante rebaixa sobre o valor estimado inicial -que superaba os 17 millóns- e cun cofinanciamento pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Mais esta actuación non rematará cunha marxinación histórica do polígono de San Cibrao, que seguirá a ser a maior área industrial de Galicia -e unha das maiores de España- sen unha autovía de alta capacidade que acceda directamente ata os seus 4 millóns de metros cadrados de superficie, mellorando así cuantitativa e cualitativamente a competitividade das empresas asentadas e a mobilidade dos empregados, empregadas e visitantes ocasionais. De feito, a Xunta, nun novo alarde de marxinación á provincia, recortou o proxecto de dúas formas: primeiro rebaixando a súa categoría -os estudos determinaron a súa execución con sección de autovía e estase a construír unha estrada convencional- e acurtando o seu percorrido morrendo a medio camiño do seu obxectivo.

Esta nova e necesaria vía, a pesar dos anuncios propagandísticos da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, nin é directa nin conecta a autovía co polígono. O seu trazado comeza no enlace de Rante (conectando coa A-52 e a AG-31) pero remata abruptamente na estrada N-525, a uns dous quilómetros da rotonda de entrada ó polígono. De feito a Xunta de Galicia tivo que solicitar o pasado ano 2018 ó Ministerio de Fomento, o cambio de titularidade dun tramo de 14 quilómetros da estrada nacional 525 entre Allariz e o enlace 'Ourense sur' da autovía -que agora é de titularidade autonómica- para poder executar a rotonda ó mesmo nivel no que rematará esta nova vía.

Con esta solución nin se crea unha conexión directa real entre a A-52 e o polígono nin se mellora a mobilidade dos miles de traballadores que, cada día, se desprazan desde a cidade e desde o norte da provincia ata esta área industrial e outras da súa contorna. A viaxe desde o centro da capital ata o polígono ocupa actualmente uns 12 quilómetros e uns 12 ou 13 minutos pola ruta ordinaria a través da estrada N-525. Por esta nova vía, ir desde o parque de San Lázaro ata San Cibrao ocupará uns 21 quilómetros e, aproximadamente, 20 minutos. Polo tanto, ninguén que viva en Ourense ou Barbadás, por citar os lugares onde residen a meirande parte dos traballadores e traballadoras desta área industrial, empregará esta vía posto que implica un maior percorrido e gasto e máis contaminación.



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

O vial en construción forma parte do ‘plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia’, aprobado polo Goberno de Alberto Núñez Feijóo en 2013 e que prevía unhas 40 actuacións sobre 135 quilómetros de vías para “mellorar a mobilidade co fin de cumprir co obxectivo global de ofrecerlles aos cidadáns unhas infraestruturas viarias de calidade, que lles permitan desprazarse con seguridade, rapidez e comodidade, dentro dun marco de mobilidade sustentable”.

Entre as actuacións desde plan figura a denominada ‘ronda este A52 – A76’ formada por tres tramos sendo o primeiro deles o que están a executar. Os tramos restantes, que circunvalan o polígono de San Cibrao e o Parque Tecnolóxico de Galicia creando novos e necesarios accesos ás áreas industriais, non están en obras, convertendo así a vía publicitada pola Xunta nunha infraestrutura incompleta que non prestará o servizo necesario e que presentará importantes problemas de operatividade óptima.

A Xunta tamén explicaba que co plan “conseguirase unha adecuación funcional da rede de estradas ao incremento da mobilidade e do tráfico, a mellora da seguridade, o reforzo da accesibilidade ás zonas máis periféricas, a mellora global da rede de estradas coa creación de itinerarios alternativos”, ao mesmo tempo que “se potencia a protección da calidade ambiental e unha xestión adecuada dos recursos”, algo que parece complicado neste caso concreto, xa que realmente non mellora a mobilidade e incrementa o percorrido.

Por situar esta obra no contexto galego, a autovía de acceso ó polígono do novo porto exterior da Coruña, onde apenas hai empresas instaladas, está en servizo con sección de autovía desde o ano 2016, co porto aínda en obras e tras un investimento de 80 millóns. En San Cibrao, o polígono e os seus máis de 8.000 empregados, se isto non se corrixe, seguirán sen unha vía de alta capacidade de acceso 50 anos despois da súa inauguración.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar á Xunta de Galicia á execución completa, integral e de todos os tramos da ‘ronda este A52-A76’ incluída no seu plan sectorial da rede viaria de Ourense, e denominada pola consellería ‘vía de conexión da A-52 co Polígono de San Cibrao’.
2. Instar á Xunta de Galicia á execución desta infraestrutura con características de autovía ou vía de alta capacidade, tal e como determinaron os estudos.
3. Dar traslado deste acordo ó Consello de Goberno da Xunta de Galicia.

En Ourense, a 5 de decembro de 2019



**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**